



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O Pleno do Concello de Porto do Son, na súa sesión do 14 de novembro de 2017, por unanimidade de todos os grupos políticos da Corporación Municipal, con motivo da celebración o vindeiro día **25 de novembro do Día Internacional de Eliminación da Violencia contra a Muller**, aprobou a seguinte **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a seguir avanzando na procura de todas as garantías necesarias para que na atención ás vítimas de violencia de xénero haxa unha actuación integral, personalizada, áxil e coordinada, garantindo o respecto á súa intimidade, privacidade e dignidade, aumentando os recursos destinados á asistencia e protección delas e aos seus fillos, á mellora dos medios e recursos da xustiza garantindo, no marco dos medios dispoñibles en cada edificio xudicial, mecanismos de separación entre vítimas e agresores nos xulgados galegos, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada. En particular, levar a cabo programas de apoio ás vítimas de agresións sexuais así como de formación específica sobre as distintas manifestacións da violencia de xénero, concretamente de violencia sexual e acoso sexual.

Así mesmo, destinar o 1% dos Orzamentos para 2018 para a prevención e loita de todas as formas de violencia contra as mulleres.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a que a Comisión non permanente de Estudo para a Igualdade avance nos traballos de avaliación do grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, encomenda recollida no seu plan de traballo aprobado por todos os Grupos Parlamentarios na reunión do 26 de maio de 2017, ademais de prestar especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2017, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.



3º.- Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano e comprometerse a erradicar os comportamentos machistas das instalacións municipais.

4º.- Instar ao Goberno de España a que avance no consenso das 213 medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero coas Comunidades Autónomas, FEMP, organizacións empresariais e sindicatos e que se materialice no menor prazo posible o compromiso económico acordado no citado pacto para cos Concellos.